

**PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL**

**CURSO ESCOLAR 2016 - 2017**

**CEIP EMILIA PARDO BAZÁN**

## ÍNDICE

- 1.- INTRODUCCIÓN
  - 2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO
    - 2.1. OBXECTIVOS XERAIS
    - 2.2. AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA EN 3º-6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
    - 2.3. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN TIC
    - 2.4. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN LECTOR
  - 3.- LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DA DIRECCIÓN
  - 4.- OBXECTIVOS DE CICLO
    - 4.1. OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN INFANTIL
    - 4.2. OBXECTIVOS DO 1º-2º DE PRIMARIA
    - 4.3. OBXECTIVOS DO 3º-4º DE PRIMARIA
    - 4.4. OBXECTIVOS DO 5º-6º DE PRIMARIA
    - 4.5. PROGRAMACIÓN AULA ESPECÍFICA DE EDUCACIÓN ESPECIAL
  - 5.- PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
  6. BIBLIOTECA
    - 6.1. PLAN ANUAL DE LECTURA (VER ANEXO I)
  - 7.- COMISIÓN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN
  - 8.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
  - 9.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA
  - 10.- SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO
  - 11.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO
    - 11.1. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA
      - 11.1.1. EQUIPO DIRECTIVO
      - 11.1.2. PROFESORADO
      - 11.1.3. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
      - 11.1.4. COMISIÓNS
      - 11.1.5. OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA
      - 11.1.6. OUTRAS ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS
      - 11.1.7. COMISIÓN DE COORDINACIÓN DA AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA
    - 11.2. PERSOAL NON DOCENTE
    - 11.3. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA
    - 11.4. ESTATÍSTICA DE ALUMNADO Ó COMEZO DE CURSO
  - 12.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO
  - 13.- VIXILANCIA NOS RECREOS (ANEXO II)
  - 14.- HORARIO XERAL DO CENTRO E CRITERIOS PARA A SÚA ELABORACIÓN
  - 15.- ORGANIZACIÓN DE TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE
  - 16.- ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS
  - 17.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
    - 17.1. OBXECTIVOS
    - 17.2. SAÍDAS DIDÁCTICAS
    - 17.3. BIBLIOTECA (ANEXO I)
  - 18.- LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR (ANEXO IV)
  - 19.- PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
  - 20.- PARTICIPACIÓN PROFESORADO EN PROXECTOS
  - 21.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO
  - 22.- RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA
  - 23.- UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS
  - 24.- PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO (INTERNA)
- ANEXO I (PROGRAMA ANUAL DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO)  
ANEXO II (QUENDAS DE ENTRADAS, TRANSPORTE, RECREOS, LECTURA, TARDES DOS LUNS)  
ANEXO III (HORARIOS DE GRUPOS E PROFESORADO)  
ANEXO IV (LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR)  
CERTIFICACIÓN DA APROBACIÓN DO PLAN XERAL ANUAL POLO CONSELLO

## **1.- Introducción.**

O presente curso escolar 2016-2017 iníciase cunha redución de equipamento informático nas aulas de 1º a 4º de educación primaria, motivada polo roubo padecidos nos meses de xullo e setembro, nos que persoas descoñecidas accederon con violencia ao interior do edificio escolar e roubaron un total de 14 ordenadores portátiles. A esta situación súmase a lentitude da Consellería de Educación na tramitación dos expedientes de devolución ou compensación dos equipos roubados. A dirección do centro optou por acondicionar vellos equipos de sobremesa existentes nas aulas para dar servizo aos equipos de videoproxectión instalados nas aulas en tanto non se teña novo equipamento informático.

O lixeiro incremento de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe respecto da plantilla do ano anterior, permitirá abordar máis axeitadamente a educación e atención do alumnado con n.e.a.e e con n.e.e., se ben non na súa totalidade.

A incorporación ao nivel de 4º de educación infantil de máis casos de alumnos/as con necesidades educativas especiais supuxo a incorporación a tempo total dun novo Auxiliar Técnico Educativo (coidador) en lugar do itinerante do curso anterior.

Ante as continuas filtracións de auga procedentes da cuberta do edificio de primaria, por estar pendente de rehabilitación integral desde hai varios cursos, e ante as múltiples fendas existentes en tódalas súas fachadas, estanse a producir desprendementos de cascotes. Estes feitos obrigan a manter acordada a fachada principal do colexio para evitar accidentes entre os usuarios do centro. A Unidade Técnica da Xefatura Territorial de Educación da Coruña xa enviou técnicos para valorar as posibles solucións. A fachada principal será rehabilitada empregando o sistema de fachada ventilada. As obras iniciaránse no mes de novembro de 2016.

As obras de rehabilitación integral da cuberta do edificio de educación primaria adxudicadas polo Concello da Coruña á empresa “Prado Lameiro”, continúan sen data de execución.

O alumnado de 4º e 6º cursos de educación primaria terá unha nova asignatura avaliable, denominada Obradoiro Danzarte, logo da súa aprobación pola Consellería de Cultura, Educación e O. U., que lles permitirá realizar máis actividade física e afondar no coñecemento e práctica das danzas do mundo.

Por segundo ano consecutivo o alumnado de 3º curso de educación primaria contará cos libros de texto cedidos gratuitamente polo centro para todo o alumnado grazas aos convenios de colaboración con algunhas editoriais.

O alumnado de 5º e 6º curso de educación primaria participa no Proxecto de Libro Dixital EDIXGAL empregando o equipamento Abalar e a plataforma de contidos dixitais da Consellería de Educación, sen custes de inversión para as familias.

A utilización completa das instalacións do antigo colexio de educación infantil (cole azul) para o desenvolvemento das actividades extraescolares, agás a aula de informática do colexio de primaria, supón un aproveitamento integral de tódalas edificacións do noso centro, diferenciando claramente os usos das instalacións en horario lectivo e non lectivo.

Organizaremos o evento de expresión artística “Xuntarte: Xuntos pola arte”, invitando a tódolos centros públicos de educación da cidade da Coruña, para conmemorar o Día da Paz 2017.

Continuamos co apoio a tódolos proxectos que acheguen o mundo da natureza ao noso alumnado, tales como o plan de Horto Escolar, Voz Natura; e outros que desenvolvan as capacidades intelectuais como o Clube de Xadrez; ou as expresivas e comunicativas como o Proxecto de Teatro Interaulas.

Presentaremos 2 solicitudes de participación no Plan Proxecta:

- Proxecto do “Meu amigo maior” para a mellora das relacións interpersoais entre o alumnado de infantil e primaria.
- Proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística en galego.

Por terceiro ano consecutivo continuamos co convenio de colaboración asinado polo colexio, ANPA Milnen@s e Axuda en Acción. Este curso a citada ONG subvencionará as seguintes actividades:

- Proxecto de teatro escolar interaulas.
- Programa Smartick de reforzo matemático para o alumnado de 5º e 6º de educación primaria.
- Método Glifing para a mellora da habilidade lectora do alumnado de 3º de educación primaria.
- Proxecto tecnolóxico “GEN10S” en colaboración con Google.org para o alumnado de 5º de primaria.
- 20 prazas de natación escolar do Servizo Municipal de Deportes do Concello da Coruña para o alumnado de 3º e 4º cursos de educación primaria.
- Auxiliar de conversa en inglés para todo o alumnado de educación primaria.

Continuamos coas representacións teatrais en inglés para o alumnado de 6º curso de educación infantil, 2º-4º-6º cursos de educación primaria, subvencionadas integramente pola ANPA Milnen@s.

Así mesmo mantemos e incrementamos o compromiso adquirido en cursos anteriores de potenciar a presenza da lingua galega nas actividades diarias do centro e nas conmemoracións anuais que establece o calendario escolar.

Ampliamos os nosos convenios de colaboración con outras institucións educativas tales como a "International School of Louisiana" para o alumnado de 2º EP.

No marco do Proxecto de Dirección, o equipo directivo finaliza o seu actual mandato no mes de xuño de 2017 coa intención de prorrogar por catro anos máis, someténdose á valoración positiva da Memoria de Dirección que deberá realizar o Claustro, o Consello Escolar e a Inspección Educativa no mes de xaneiro de 2017.

Proponse continuar co seu traballo para acadar que o CEIP Emilia Pardo Bazán sexa un centro participativo, flexible e receptivo ás propostas do entorno.

## **2.- Obxectivos xerais a conseguir neste curso.**

### **2.1. Obxectivos xerais.**

- Actualizar o Proxecto Educativo de Centro.
- Actualizar o Plan de Acción Titorial.
- Actualizar o Plan das Tecnoloxías da da Información e a Comunicación.
- Incluír no proxecto educativo, nas programacións didácticas e na Programación Xeral Anual a idea da necesidade da lectura.
- Potenciar o emprego de ferramentas dixitais para o reforzo das matemáticas e das habilidades lectoras.
- Iniciar ao alumnado de 5º de primaria no campo da programación tecnolóxica asociada á educación en valores co Programa GEN10S.
- Vivenciar a horta escolar como vínculo de unión entre todo o colexio.
- Consolidar o proxecto de teatro coa creación dunha comisión específica que desenvolva as potencialidades expresivas e comunicativas do noso alumnado.
- Constituír a Comisión de Auto-protección escolar e realizar novos simulacros de evacuación e/ou confinamento.

### **2.2. Avaliación individualizada en 3º e 6º cursos de primaria.**

O cumprimento da normativa vixente en relación á LOMCE obríganos á realización de sendas avaliacións individualizadas do alumnado. Concretamente será nos niveis de 3º e 6º de primaria aos que se lles apliquen as correspondentes avaliacións.

Con respecto ós resultados obtidos na proba aplicada o curso anterior ao alumnado de 3º e 6º cursos de primaria, os equipos de profesorado, baixo a supervisión da Comisión de Coordinación Pedagóxica están á espera da publicación dos resultados definitivos para engadir as medidas correctoras que estimen oportunas.

### **2.3. Concreción anual do Plan de Introducción das TIC.**

Continuarase coa súa concreción anual, entendendo que son actuacións a realizar en varios cursos.

Deberemos organizar e paliar a falla de recursos informáticos cos que conta actualmente o centro para que as TIC continúen formando parte da actividade diaria nas aulas do noso centro.

### **2.4. Concreción anual do Plan Lector.**

(Ver Anexo I)

## **3. Liñas prioritarias de actuación para acadar no actual mandato da Dirección.**

**OBXECTIVO 1: Afondar na implicación de todo o profesorado no desenvolvemento dos distintos Plan de Centro: Plan Lector, Plan Lingüístico, Plan TIC, Plan de Convivencia.**

- O Plan Lector, mediante un horario específico establecido xa no centro, dinamizado a través da Comisión de Biblioteca, dirixido pola coordinadora do mesmo.
- O Plan de Convivencia, a través da Acción Titorial dirixida pola Xefatura do Departamento de Orientación.
- O Plan Lingüístico, a través do traballo diario e dinamizado a partir das propostas do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, encabezado pola súa coordinadora.
- O Plan TIC, coa difusión entre o profesorado de distintas metodoloxías para aplicar nas aulas e a divulgación entre as familias dunha cultura de respecto e bo uso das redes sociais.

**OBXECTIVO 2: Acadar unha mellor xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais, unha educación de calidade acadando o máximo desenvolvemento posible das capacidades do alumnado e adaptada as súas necesidades.**

Garantindo unha igualdade efectiva de oportunidades baseada na atención á diversidade e prestando os apoios necesarios para os máis desprotexidos.

A satisfacción profesional e o cumprimento ou non das expectativas docentes actúan como moduladores da nosa práctica diaria, sendo de vital importancia a satisfacción persoal do profesorado como catalizadores e propulsores do éxito escolar.

Colaboración, flexibilidade, eficacia, apertura á comunidade, apoio mutuo, liderazgo distribuído, innovación docente, sistematización da autoevaluación, permitirán

crear unha escola con dous piares básicos “aprender a aprender” e “aprender a convivir”.

### **OBXECTIVO 3: Afondar no fomento dunha educación para a igualdade e a coeducación evitando os comportamentos sexistas.**

*“O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Desde as aulas podemos ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos” (I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020)*

Promovendo entre as diferentes entidades colaboradoras do noso centro a organización de actividades favorables á consecución dos obxectivos previstos en materia de coeducación.

### **OBXECTIVO 4: Afondar na dinamización dos órganos de goberno e coordinación docente.**

Impulsando a participación nestes órganos de todos os colectivos da comunidade educativa, para basear dun xeito máis efectivo o funcionamento do centro nesta participación. Implicando a todos/as dun xeito real, nas decisións dos equipos de traballo, ciclos e órganos colexiados, obrigándonos e responsabilizándonos a todos.

**OBXECTIVO 5: Revisar o Proxecto Educativo de Centro (PEC) e integrar nel todos os plans (Plan Lector, Plan Lingüístico, Plan TIC, Plan de Convivencia, Plan xeral de atención á diversidade, Plan de Orientación e Acción Titorial) adaptándoos á lexislación vixente; así como, a introdución das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) coas addendas aprobadas nos últimos cursos referidas ao reagrupamento do alumnado ao finalizar cada ciclo e a atención do alumnado nas entradas e saídas do centro escolar.**

**OBXECTIVO 6: Continuar co traballo de coordinación internivelar e de etapas (infantil-primaria) unificando criterios metodolóxicos,** a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica e os Equipos de Nivel/Ciclo.

**OBXECTIVO 7: Finalizar a elaboración do Plan de Auto-protección escolar.** Establecendo os contactos necesarios cos responsables municipais e autonómicos dos servizos de emerxencias, unidade técnica de educación, e outros servizos que se precisen nos simulacros de evacuación e/ou confinamento anuais.

**OBXECTIVO 8: Continuar traballando a prol da lingua galega,** participando naquelas convocatorias de actividades de innovación educativa que xurdan por parte dos diferentes entes oficiais.

**OBXECTIVO 9: Solicitar das administracións públicas as melloras infraestruturais e os investimentos necesarios para a conservación das instalacións do colexio.**

Mantendo reunións periódicas coas administracións educativas e municipais para axilizar os trámites necesarios para a realización das obras necesarias que garantan un correcto funcionamento do centro escolar.

**OBXECTIVO 11: Continuar coa transformación do colexio nun centro dixital,** tanto nos aspectos didácticos coma nos referidos ás canles de comunicación entre tódolos sectores da comunidade educativa.

#### **4. Obxectivos de ciclo.**

##### **4.1. Obxectivos de educación infantil.**

- Estimular a atención necesaria para o desenvolvemento das actividades escolares.
- Adquirir hábitos básicos saudables e actuar autónomamente nos espazos habituais nos que se move o alumnado.
- Continuar co proxecto de lectura.
- Dar a coñecer algunhas das actividades de educación infantil a través da web do cole ou doutros soportes, ademais de exposicións no propio recinto escolar.
- Achegar, na medida do posible, ao alumnado as TIC.



- Fomentar o respecto cara a outras linguas diferentes da propia.
- Respetar distintos grupos sociais próximos, valorando as súas características, producións culturais, e formas de vida.
- Potenciar o desenvolvemento da linguaxe oral incidindo nos alumnos con N.E.A.E.
- Dedicar cada día da semana a un tipo diferente de alimento na merenda escolar.
- Concienciarse da redución de residuos a través do almorzo de media mañá.
- Participar no Proxecto Voz Natura a través da horta escolar.
- Fomentar un clima respectuoso entre o alumnado.

#### **4.2. Obxectivos do primeiro e segundo nivel de educación primaria.**

- Considerar como obxectivo prioritario a adquisición das técnicas de lecto-escritura e de cálculo, insistindo unha vez máis na importancia da colaboración familiar.
- Incidir na necesidade de manter a atención para o desenvolvemento das actividades escolares.
- Sensibilizar ao alumnado da importancia da mellora e conservación do contorno inmediato: aula, patio, corredores, horta.... e seguir traballando na adquisición de hábitos saudables que contribúan á educación integral dos nenos e nenas e a mellora da súa calidade de vida.
- Desenvolver hábitos de cortesía no trato cos seus/súas compañeiros/as e demais membros da Comunidade Educativa.
- Dar continuidade ao alumnado no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Favorecer a integración de todo o alumnado na procura de desenvolver neles os valores axeitados de convivencia e humanidade.

#### **4.3. Obxectivos do terceiro e cuarto nivel de primaria.**

- Potenciar a utilización da Lingua Galega para mellorar a competencia oral.
- Desenvolver actividades destinadas a mellorar a atención dos alumnos.
- Mellorar a competencia lectora do alumnado mediante as seguintes

medidas:

- a) Desenvolver actividades lectoras incidindo nunha comprensión e entoación axeitadas.
  - b) Seguir co proxecto “Plan Anual de Lectura”
  - c) Solicitar a colaboración dos pais/nais para que os seus fillos/as lean diariamente na casa.
  - d) Potenciar o uso da biblioteca escolar e o sistema de empréstitos.
- Facilitar estratexias que impliquen a mellora do razoamento lóxico-matemático, coa resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, así como a súa aplicación en situacións da vida cotiá.
  - Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo, valorando o esforzo para a consolidación das aprendizaxes.
  - Desenvolver entre o alumnado, no ámbito do colexio e da aula, hábitos sociais tales como aprender a escoitar, non interromper e manter a atención ante calquera membro da comunidade educativa.
  - Aprender a escoitar, non interromper e manter a atención ante calquera membro da comunidade educativa.
  - Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos.
  - Coñecer e apreciar os Valores e as Normas de Convivencia e aprender a obrar de acordo con elas.
  - Implicar ao alumnado no respecto polas instalacións do colexio e da súa contorna.
  - Empregar o horto como recurso educativo, continuando co proxecto de Voz Natura.
  - Mentalizar ao alumnado na defensa do Medio Ambiente, fomentando hábitos que contribúan a unha vida saudable.
  - Promover traballos de investigación utilizando as novas tecnoloxías e a Biblioteca como principal centro de recursos.
  - Fomentar a Educación Viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención de accidentes de tráfico.
  - Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferencias e utilizar a danza como medio para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- Utilizar a danza para diferentes representacións e expresións artísticas.

#### **4.4. Obxectivos do quinto e sexto nivel de educación primaria.**

Ó finalizar o 6º curso cómpre que o alumnado teña acadada a preparación necesaria para afrontar con éxito os cambios que lle supón a incorporación ó ensino secundario. Para lograr esta finalidade faremos especial fincapé nos seguintes obxectivos:

- Potenciar un ambiente de estudo e respecto para lograr unha maior atención e concentración nas actividades de aula (ter o material preparado ó inicio de cada clase, evitar accións e ruídos perturbadores: arrastres de mesas ou cadeiras, golpeteos co bolígrafo, beber auga.... manter silencio e atención ante as explicación dos docentes.

- Potenciar o desenvolvemento de habilidades cognitivas e estratexias de aprendizaxe.

- Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo que lles proporcionen autonomía, valorando o seu esforzo como elemento básico na consolidación das aprendizaxes.

- Acadar un nivel axeitado de automatización na lectura e escritura. Con respecto á lectura incidiremos, entre outros, nos seguintes aspectos:

- comprensión.
- velocidade adecuada
- entoación

En canto á escritura os aspectos prioritarios serán:

- velocidade
- presentación
- adecuación léxica
- corrección sintáctica e ortográfica.
- Exposición de ideas con orde e claridade nos escritos de elaboración propia.

- Apreciar o uso do galego como lingua útil en calquera situación de comunicación.

- Desenvolver habilidades e estratexias para a resolución de problemas e a execución rápida do cálculo mental.

- Favorecer o desenvolvemento do alumnado mediante propostas que promovan a participación activa na súa aprendizaxe.

- Seguir a fomentar a socialización, autonomía, creatividade, espírito crítico, tolerancia ..., para desenvolver un axeitado nivel de auto-confianza e auto-estima.

- Continuar a inculcar hábitos de saúde, consumo responsable e defensa do medio ambiente que contribúan ao desenvolvemento integral do alumnado e á mellora da súa calidade de vida.

- Continuar a nosa participación no proxecto ABALAR e EDIXGAL, incorpórase o alumnado de 5º. En Lingua Inglesa continuarase co traballo nos blogs.

- Familiarizarse e conseguir un uso responsable das novas tecnoloxías e da internet.

- Potenciar o traballo en grupo para favorecer a aprendizaxe entre iguais no ámbito dixital.

- Consegue adaptar a plataforma dixital ao alumnado de NEE para a adquisición de habilidades e un mellor aproveitamento dos recursos.

- Adaptar a metodoloxía de traballo ao proxecto dixital.

- O profesorado de Inglés continuará co proxecto de mellora da competencia en expresión oral contando coa colaboración dun lector nativo (subvencionado por “Ayuda en Acción”).

- Apoiar e comprometernos coa actividade de teatro cuxa continuidade valoramos por considerala un complemento importante na formación do alumnado.

- A clase de EP6ºA levará a cabo en colaboración cunha clase de 6º de Educación Infantil, un proxecto de convivencia chamado “O MEU AMIGO MAIOR”.

#### **4.5. PROGRAMACIÓN AULA ESPECÍFICA DE EDUCACIÓN ESPECIAL**

Polas características do alumnado, os obxectivos que nos plantexamos con el están máis relacionados coa adquisición de normas e habilidades da vida diaria que estritamente curriculares.

##### **4.5.1. OBXECTIVOS A NIVEL DE CENTRO**

- Coñecer os distintos profesionais que traballan nun centro educativo e a súas funcións (conserxe, limpadora, director, mestres...)

- Respetar as normas de convivencia.

- Entender cando entramos no centro e cando saímos para a casa.
- Comprender distintas situacións relacionadas coa organización de centro (recreos, saídas educativas,...)
- Participación en festas e actividades do entorno, xogos compartidos, auto-coñecemento...
- Desenvolver hábitos de cortesía no trato cos seus/súas compañeiros/as e demais membros da Comunidade Educativa.

#### 4.5.2. OBXECTIVOS A NIVEL DE AULA

- Expresar desexos ou necesidades verbalmente e participar en pequenos diálogos.
- Manipular distintos materiais e útiles para realizar composicións plásticas, garabatos,...
- Entender que os distintos comportamentos teñen as súas consecuencias (negativas e positivas).
- Recoñecer emocións e estados de ánimo, relaxación, técnicas de autocontrol.
- Fomentar as actividades funcionais do día a día como as comidas, espirse/vestir, abrir/pechar caixóns, botes, cremalleiras, botóns... para mellorar a motricidade...
- Poñer en práctica procesos de razoamento para a resolución de problemas.

### **5. Plan Xeral do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.**

Equipo de Dinamización da Lingua Galega, tras a súa constitución a principios de curso, acordou que durante o curso 2016-2017 tratará de levar a cabo os obxectivos que a continuación se expoñen, mediante a realización das actividades que se consideren oportunas:

Os obxectivos propostos son:

- Revisar o Proxecto Lingüístico do Centro.
- Fomentar o emprego do galego nas diferentes actividades que se levan a cabo no colexio para conseguir a mellora da competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Empregar recursos multimedia para a divulgación da lingua galega.
- Apoiar as iniciativas que axuden á divulgación dos diferentes aspectos da nosa cultura.

- Cooperar co Equipo de Actividades Extraescolares, na celebración das festas tradicionais (Magosto, Nadal, Entroido, Maíos,...) e organizar actividades para conmemorar a Semana das Letras Galegas.
- Colaborar co equipo de Biblioteca Escolar na busca de materiais bibliográficos e recomendacións de lecturas.
- Colaborar co equipo das TICs para o coñecemento e emprego de recursos multimedia que permitan fomentar o galego e a nosa cultura.
- Promover a relación interclases e niveis mediante a exposición oral en galego de traballos feitos na aula.
- Continuar fomentando a formación de grupos de teatro que empreguen o galego como linguaxe de expresión.
- Colaborar co Proxecto de Voz Natura que se desenvolve no centro a través do Horto escolar, potenciando o uso da lingua galega nas diferentes actividades.
- Colaborar na transmisión de diferentes aspectos do patrimonio cultural galego a través da danza.
- Manter unha avaliación continua dos proxectos que se van levando a cabo de cara a introducir melloras ou cambios.

## **6.- Biblioteca**

### **LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN EN RELACIÓN Á:**

#### **A. Organización e Xestión:**

Selección, adquisición, xestión e organización de novos fondos, en diferentes soportes, segundo as necesidades das aulas. Na selección de fondos tentaremos adquirir especialmente documentos de información e tamén en soporte multimedia, xa que é onde a B. E. está máis deficitaria. Tamén trataremos de continuar co expurgo da colección pois hai moitos documentos en mal estado, obsoletos, non axeitados para as idades de primaria, etc.

Ademais procuraremos mellorar a base de datos unificando certos parámetros para facilitar a xestión estatística.

Co fin de difundir os fondos da colección, instalaremos en todos os ordenadores das aulas que aínda non o teñan un enlace directo ao catálogo da B. E. en internet, tarefa que xa fora realizada, pero que debido aos feitos acaecidos cos ordenadores, haberá que instalar de novo.

Para o traballo técnico, continuaremos a empregar o programa informático MEIGA de xestión bibliotecaria.

Aparte de catalogar as novidades, tamén seguiremos introducindo a imaxe da portada dos documentos no noso catálogo en internet ([www.opacmeiga.rbgalicia.org](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org)), pois pensamos que axuda a localizalos con máis facilidade e dá unha visión máis completa.

**Préstamos:** Seguiremos coa política de préstamos que seguimos ata agora. A Sala estará aberta durante toda a xornada escolar (de 9 h. a 14 h.) e, pola tarde, de 16 h. a 18 h. (agás o luns) atendida polo profesorado de garda. O préstamo realizarase durante o recreo e pola tarde; tamén os/as titores/as poderán prestar á súa titoría.

## **B. Dinamización e Promoción dos recursos da B. E., a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:**

### **Dinamización e promoción de recursos:**

Exposicións temáticas e de novidades, datas conmemorativas, guías de lecturas, encontros con escritores, ilustradores, conta contos,...diplomas Leóns Dourados aos alumnos máis lectores, colaboracións cos outros Equipos do Centro e coa B. M. do barrio,...

Uso da Sala como centro de todo tipo de recursos: ordenadores, acceso a internet, canón de vídeo para proxeccións, xogos (xadrez), consulta do catálogo da nosa B.E. en internet ([www.opacmeiga.rbgalicia.org](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org)).

### **Integración no tratamento do currículo e a súa contribución....:**

Selección, préstamos ás aulas, exposicións,... dos materiais que podan facilitar a aprendizaxe nas distintas áreas e materias do currículo.

Uso da B.E. para realizar as búsquedas de información que necesite o alumnado, de cara a desenvolver as súas competencias lectoras, escritoras e das TIC.

### **C. Formación de usuarios e Educación Documental:**

Continuaremos coas actividades para lograr ser usuarios avanzados da B. E.

Realización de visitas á B. E. do alumnado (especialmente dos primeiros niveis) acompañado dos seus titores/as de cara a que vaian coñecendo pouco a pouco o espazo físico da B. E., os documentos organizados segundo a C.D.U. e os servizos que ofrece (libros, revistas, CD-rom, DVD, cintas de audio, ordenadores,...) para lograr no alumnado a autonomía no uso dos recursos que ofrece a B. E.

Uso da B. E. para facer búsquedas de información e investigación, sobre todo nas áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, linguas, música,... en todo tipo de soportes, e dinamizados polo profesorado, de cara a aprender a buscar información, selecciónala, tratala, elaborala e plasmala nun traballo axeitado aos obxectivos prantexados.

### **D. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro:**

Existe consenso no noso colexio para seguir co “Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida”, iniciado durante o curso 2003-2004,

A B. E. colabora e coordina a elaboración do Plan Anual de Lectura.

### **E. Avaliación**

Realizaremos a avaliación das enquisas presentadas ao alumnado e docentes sobre o funcionamento da B. E. Ao final de curso realizarase unha memoria anual que avaliará o grao de cumprimento dos obxectivos, os que quedan pendentes, as actividades realizadas ao longo do curso escolar e as dificultades atopadas.

#### **6.1. Plan Anual de Lectura. (Ver Anexo I)**

### **7.- Comisión das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.**

#### **7.1. Obxectivos.**

- Traballar a través de reunións coas familias, publicacións na web, elaboración dun tríptico informativo e participación non Plan Director, as ferramentas de control parental, a navegación segura por internet e o bo uso das redes sociais.
- Dinamizar a publicación de contidos de actualidade relacionados coa vida escolar do noso centro na páxina web e nos blogues de aula/especialidades.



- Empregar algún tempo de cada reunión da Comisión para publicar contidos na web.
- Propoñer que cada ciclo designe a unha persoa que se responsabilice de reunir o material significativo de ser publicado na web.
- Actualizar as aulas virtuais dentro da plataforma Edixgal.
- Revisar e actualizar o proxecto TIC de centro.
- Seguir coa empresa de mantemento para revisar, actualizar e intentar dar solución aos problemas que xeran os equipos informáticos.
- Realizar unha limpeza de arquivos e documentos nos ordenadores das dúas salas de profesorado e recomendar o emprego de Google Drive e Dropbox para o envío e almacenamento de arquivos.

## **8. Departamento de Orientación**

O departamento de orientación ademais das propias funcións específicas de valoración e intervención co alumnado con NEAE, no presente curso establecemos como obxectivos prioritarios:

- Mellorar a actuación coordinada, intentando establecer, na medida do posible, calendarios de coordinación cos titores, familias e profesionais externos que a favorezan.
- Incidir na detección temperá de necesidades do alumnado, especialmente na educación infantil e no primeiro nivel de educación primaria.
- Seguir afondando, na aplicación do programa de estimulación da linguaxe oral nos niveis de E.I. como medio fundamental de prevención para a prevención das posibles carencias e retardos nos eidos da fonación, discriminación auditiva, fonética-fonoloxía, semántica e/ou a morfosintaxe no alumnado...
- Facilitar información e/ou materiais para a realización, rexistro de datos e información ás familias, das avaliacións iniciais do alumnado, a realizar polo profesorado titor, que establece a orde de avaliación de educación primaria de xuño 2016.
- Continuar:

Intentando mellorar a eficacia da loita contra o absentismo escolar dos/das neno/nenas reincidentes neste aspecto.

Coa solicitude de tablets de uso individual iniciada o pasado curso, para os/as alumnos/as con NEEs, para os que se considere que é unha ferramenta moi importante de traballo para utilizar, como unha ferramenta de traballo e aprendizaxe moi importante e que aínda non dispoñen da mesma.

Coa elaboración de documentos: PXAD e PAT.

Co convenio de colaboración con COGAMI, para dous alumnos con NEEs e potenciar a colaboración con outros posibles organismos ou entidades.

Promovendo a incorporación de nenos/nenas con diferentes necesidades específicas, especialmente alumnado con NEEs, ao grupo de teatro interaulas, como recurso para fomentar a inclusión e o desenvolvemento de distintas competencias.

Optimizar os instrumentos/documentos de información ás familias do alumnado que recibe apoio por parte das especialistas deste departamento.

Revisar os protocolos de derivación ao departamento.

## **9.- Comisión de convivencia.**

### **9.1. Obxectivos.**

Entre os obxectivos que se pretenden desenvolver dende a Comisión Convivencia para o curso 2016/2017 están:

- Desenvolver o Plan de Convivencia e o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Revisar o Protocolo Xeral de prevención, feito pola Xunta para prever e evitar o acoso escolar.
- Continuar co control do absentismo escolar dende as titorías.
- Buscar propostas de implicación e participación por parte de toda a comunidade educativa no desenvolvemento da Comisión de Convivencia.
- Revisar e actualizar o Protocolo de actuación ante as condutas disruptivas.
- Dar resposta ás situacións conflitivas e problemáticas que poidan xurdir ao longo do curso.
- Colaborar no reaxuste do Plan de Convivencia sempre que sexa necesario.
- Control exhaustivo e sistemático da xestión e acción titorial maioritariamente nas sancións e expulsións do alumnado que lles corresponde.
- Aplicación unificada das “Normas de Aula”. Coordinación e colaboración de todo o profesorado no cumprimento das citadas normas.
- Desenvolvemento de diferentes actividades para a prevención e/ou solución de posibles conflitos que poidan xurdir no ámbito educativo.

## **10.- Situación das instalacións e equipamento.**

Mellora das infraestruturas existentes:

- Rehabilitación das pistas polideportivas exteriores situadas ao carón do Paseo Marítimo.
- Reparación do tellado no edificio de educación primaria.
- Reposición do “teped” ou herba na zona de xogos do colexio azul.
- Acondicionar os servizos hixiénicos do alumnado no 2º e 3º andar do edificio de educación primaria.
- Eliminación do “gresite” nas paredes de aulas e corredores do edificio de educación primaria.
- Reparación das fachadas do edificio de educación primaria evitando a caída de cascotes por oxidación do ferro dos forxados e resto de materiais.
- Eliminación das barreiras arquitectónicas en todo o recinto escolar.
- Instalación de portas de seguridade anti-incendios.

## **11. Organización do centro.**

### **11.1. Estrutura organizativa.**

#### **11.1.1. Equipo directivo**

Director: D. José Manuel García Yanes

Xefe de Estudos: D. Horacio Vázquez Boedo

Secretario: D. Antonio Castiñeira Vázquez

### 11.1.2. Profesorado

| <i>Profesorado educación infantil</i> |       |  |
|---------------------------------------|-------|--|
| Curso                                 | Grupo | Mestra   |
| 4º                                    | A     | Mª Victoria Mantiñán Canzobre                          |
| 4º                                    | B     | Mar Santiago Arca                                      |
| 4º                                    | C     | Mª Josefa Fernández Santiso                            |
| 4º                                    | Apoio | Ana Mª Campos Ferro                                    |
| 5º                                    | A     | Consuelo Beiroa Fraga                                  |
| 5º                                    | B     | María J. Rodríguez Rodríguez                           |
| 5º                                    | C     | Mª Carmen Cruz Ceide                                   |
| 5º                                    | Apoio | Mª Pilar Pérez Álvarez (Substituta: Sandra Pais Gómez) |
| 6º                                    |       | Mª Eugenia Suárez González-Vallés                      |
| 6º                                    |       | Mª Aurora Candal Miranda                               |
| 6º                                    |       | Teresa Bernedo Vilor                                   |
| 6º                                    | Apoio | Mª Isabel Rodríguez López                              |

| <i>Primeiro/Segundo cursos de primaria</i> |       |                              |
|--|-------|------------------------------|
| Curso                                      | Grupo | Mestre/a                     |
| 1º   | A     | Mª Concepción Fandiño Blanco |
| 1º   | B     | Mª Carmen Mazaira Olveira    |
| 1º   | C     | Manuela Labandeira Vázquez   |
| 2º   | A     | Mª Luisa Domínguez Pérez     |
| 2º   | B     | Mª Carmen Mera Ben           |
| 2º   | C     | Pablo Reimúndez Castiñeiras  |

| <i>Terceiro/Cuarto cursos de primaria</i> |       |                                |
|---|-------|--------------------------------|
| Curso                                     | Grupo | Mestre/a                       |
| 3º  | A     | Salvador J. Espiñeira Riveiros |
| 3º  | B     | Iria Garrido Salgado           |
| 3º  | C     | Estrella Guillán García        |
| 4º  | A     | Ana Mª Álvarez García          |
| 4º  | B     | Mª Teresa del Valle Chousa     |
| 4º  | C     | Horacio Vázquez Boedo          |

| <i>Quinto/Sexto cursos de primaria</i> |       |                              |
|--|-------|------------------------------|
| Curso                                  | Grupo | Mestre/a                     |
| 5º                                     | A     | Antonio Castiñeira Vázquez   |
| 5º                                     | B     | Mª José Vázquez Fernández    |
| 5º                                     | C     | Elena Ramos Rodríguez        |
| 6º                                     | A     | Mª Concepción García Diéguez |
| 6º                                     | B     | Mª José Cabado López         |
| 6º                                     | C     | Mª Teresa Gavin Bouso        |

| Especialidades                                   |                                     |
|--|-------------------------------------|
| Audición e Linguaxe 1                            | María Boado Valiño                  |
| Audición e Linguaxe 2                            | Alicia Queiro Pereira               |
| Educación Física 1                               | José Manuel García Yanes            |
| Educación Física 2                               | José Antonio Borrajo Menor          |
| Educación Física 3<br>Obradoiro Danzarte 4º EP   | Raquel López Manteiga               |
| Educación Musical 1                              | Pedro de Uña Álvarez                |
| Educación Musical 2                              | Andrea Carme Doural García          |
| Lingua Inglesa 1                                 | Mª Carmen Roel Rodríguez            |
| Lingua Inglesa 2                                 | Mª Carmen Vázquez Casanova          |
| Lingua Inglesa 3<br>Obradoiro Danzarte 6º EP     | Rosa Mª Fernández Sánchez           |
| Orientación                                      | Marina Vázquez Mato                 |
| Pedagogía Terapéutica 1                          | Mª Jesús López Vila                 |
| Pedagogía Terapéutica 2                          | Mª Paloma Fraga Couceiro            |
| Pedagogía Terapéutica 3<br>(Aula de E. Especial) | Sabela Suárez González-Sierra       |
| Pedagogía Terapéutica 4                          | Mercedes Rita Rey Gómez             |
| Relixión Católica 1                              | Mª José Lago Petisco                |
| Relixión Católica 2                              | Susana Doval Rodríguez (Itinerante) |
| Relixión Evanxélica                              | Hilda Ramos Vázquez                 |

### 11.1.3. Departamento de Orientación.

|                                      |                              |
|--------------------------------------|------------------------------|
| Marina Vázquez Mato                  | Orientadora                  |
| Horacio Vázquez Boedo                | Xefe de Estudios             |
| M <sup>a</sup> Jesús López Vila      | Pedagogía Terapéutica        |
| M <sup>a</sup> Paloma Fraga Couceiro | Pedagogía Terapéutica        |
| Sabela Suárez González-Sierra        | Pedagogía Terapéutica (E.E:) |
| Mercedes Rita Rey Gómez              | Pedagogía Terapéutica        |
| María Boado Valiño                   | Audición e Linguaxe          |
| Alicia Queiro Pereira                | Audición e Linguaxe          |

### 11.1.4. Comisións.

#### **COORDINACIÓN PEDAGÓXICA**

- Director: José M. García Yanes
- Xefe de estudos: Horacio Vázquez Boedo
- Orientadora: Marina Vázquez Mato
- Coordinadora Biblioteca: M<sup>a</sup> Carmen Mazaira Olveira
- Coordinadora EACE: M<sup>a</sup> Concepción García Diéguez
- Coordinadora EDLG: M<sup>a</sup> Isabel Rodríguez López
- Coordinadora TICS: Susana Doval Rodríguez
- Coordinadora 2º Ciclo EI: M<sup>a</sup> Eugenia Suárez González-Vallés
- Coordinadora 1º EP: Manuela Labandeira Vázquez
- Coordinadora 2º EP: M<sup>a</sup> Luísa Domínguez Pérez
- Coordinadora 3º EP: Iria Garrido Salgado
- Coordinadora 4º EP: Teresa del Valle Chousa
- Coordinadora 5º EP: Antonio Castiñeira Vázquez
- Coordinadora 6º EP: M<sup>a</sup> Concepción García Diéguez
- Profesora aula específica PT: Sabela Suárez González-Sierra
- Secretario da CCP 2016-2017: Antonio Castiñeira Vázquez

## **EQUIPO DINAMIZACIÓN LINGUA GALEGA**

- M<sup>a</sup> Isabel Rodríguez López (Coordinadora)
- Rosa Fernández Sánchez
- María Rodríguez Rodríguez
- Horacio Vázquez Boedo
- Sabela Suárez González-Sierra
- Andrea Carme Doural García
- M<sup>a</sup> Concepción Fandiño Blanco
- Elena Ramos Rodríguez

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- Concepción García Diéguez (Coordinadora)
- Marina Vázquez Mato
- José A. Borrajo Menor
- M<sup>a</sup> José Vázquez Fernández
- Iria Garrido Salgado
- M<sup>a</sup> Carmen Cruz Ceide
